

ANUNCIO

“BASES REGULADORAS DO PROCESO SELECTIVO PARA A SELECCIÓN DE 15 ALUMNOS/AS-TRABALLADORES/AS DO PROGRAMA DE EMPREGO “XUVENTUDE I”.

1º .- OBXECTO:

O programa de emprego "XUVENTUDE I" configúranse como un programa experiencial de emprego e formación que ten por finalidade mellorar a ocupabilidade das persoas participantes, mediante a realización de obras ou prestación de servizos de interese xeral e social que posibiliten a realización dun traballo efectivo que, xunto coa formación profesional para o emprego recibida, relacionada directamente co dito traballo, procure a súa cualificación profesional e a súa posterior inserción laboral no mercado de traballo.

Este programa de emprego está cofinanciado pola Comunidade Autónoma de Galicia ao abeiro da *Orde do 7 de febreiro de 2024, (DOG núm. 39, do 23/02/2024 pola que se establecen as bases reguladoras das axudas e subvencións para a realización de programas de emprego para persoas mozas incluídas no ficheiro do Sistema nacional de garantía xuvenil (formación e aprendizaxe) no ámbito da Comunidade Autónoma de Galicia, e se procede á súa convocatoria para os anos 2024 e 2025)*. Respéctanse polo tanto o establecido na Resolución de concesión da subvención de data 29/07/2024 con número de expediente 15/0012/2024, e a Circular de data 15/07/2024, sobre instrucións en relación co procedemento de selección do persoal directivo, docente e de apoio así como do alumnado-traballador dos Programas de emprego para persoas mozas e obradoiros duais de emprego.

O obradoiro terá unha duración de 12 meses e se formarán a 15 persoas mozas incluídas no ficheiro do Sistema nacional de Garantía xuvenil (formación e aprendizaxe) de acordo co especificado nas bases da convocatoria, resolución de concesión de subvención e instrucións ditadas ó efecto.

Segundo o convenio de colaboración asinado ao efecto polos concellos de Boiro, Pobra do Caramiñal e Rianxo, para o reparto de prazas do alumnado participante establécese o seguinte:

- Concello de Boiro: 7 alumnos/as.
- Concello de Rianxo: 4 alumnos/as.
- Concello de A Pobra do Caramiñal: 4 alumnos/as.

Os obxectos de actuación para a súa execución no desenvolvemento do proxecto son os seguintes:

1. MONTAXE DE EQUIPOS MICROINFORMÁTICOS: montaxe e substitución de compoñentes internos dun equipo microinformáticos para aposta en funcionamento; montaxe e substitución e conexión de periféricos para aumentar a funcionalidade do sistema informático, e aplicar procedementos e execución de programas de testeo para verificar a operatividade do equipo informático. Empregando guías detalladas, seguindo as instrucións recibidas, cumprindo coas normas de seguridade e calidade establecidas
2. OPERACIÓNS AUXILIARES DE MANUTENCIÓ DE SISTEMAS MICROINFORMÁTICOS: aplicar procedementos de comprobación e limpeza de soportes e periféricos do sistema informático para manter a funcionalidade. Empregando guías detalladas e seguindo as instrucións recibidas.
3. REALIZAR OPERACIÓNS AUXILIARES CON TECNOLOXÍAS DA INFORMACIÓN E COMUNICACIÓN: comprobación dos sistemas de arquivos e periféricos empregando as ferramentas que proporciona o sistema operativo e servizos de rede, seguindo instrucións recibidas.



- LOCALIZACIÓN DO OBXETO/SERVIZO

CONCELLO DE BOIRO	CONCELLO DA POBRA DO CARAMIÑAL	CONCELLO DE RIANXO
AULA 3 - CENTRO DE FORMACIÓN E VIVEIRO DE EMPRESAS (POL. INDUSTRIAL ESPIÑEIRA)	AULA DA ANTIGA ESCOLA DE MÚSICA DE O CAMPIÑO	AULA DE INFORMÁTICA DO CENTRO SOCIOCULTURAL AUDITORIO
AULA 4 - CENTRO DE FORMACIÓN E VIVEIRO DE EMPRESAS (POL. INDUSTRIAL ESPIÑEIRA)		
AULA DE INFORMÁTICA DA BIBLIOTECA MUNICIPAL DO CONCELLO DE BOIRO (BOIRO)		

2º.- DENOMINACIÓN DAS PRAZAS CONVOCADAS, MODALIDADE DE CONTRATACIÓN, XORNADA, RETRIBUCIÓNS E DURACIÓN:

Un total de 15 prazas de persoal laboral temporal como alumnos/as traballadores/as nas seguintes especialidades:

CÓDIGO	ESPECIALIDADE	Nº ALUMNOS/AS - TRABALLADORES/AS
IFCT0108	OPERACIÓNS AUXILIARES DE MONTAXE E MANTEMENTO DE SISTEMAS MICROINFORMÁTICOS	15

Tipo de contrato: contrato de traballo para a formación en alternancia para a participación como alumno-a traballador-a do programa de emprego denominado "XUVENTUDE I". De acordo co disposto no punto 1 da disposición adicional segunda do texto refundido da Lei do Estatuto dos traballadores, non será de aplicación o límite de idade, nin o de duración establecido, respectivamente, no artigo 11.2.a) e b) do devandito estatuto. Así mesmo, nestes contratos as situacións de incapacidade temporal, risco durante o embarazo, maternidade, adopción ou acollemento, risco durante a lactación e paternidade non interromperán o cómputo de duración do contrato.

Retribucións: O salario mínimo interprofesional vixente en cada momento e a parte proporcional das pagas extraordinarias.

Xornada de traballo: tempo completo (40 horas semanais)

Duración do proxecto: 12 meses.

Horario: de 07:30 h a 15:30 h, de luns a venres.

3º.- PUBLICIDADE DO PROCESO:


As presentes bases reguladoras deste proceso de selección, unha vez aprobadas pola entidade promotora, expanse ao público no taboleiro de anuncios do Concello de Boiro e na web www.boiro.gal. Ademais, enviaranse á oficina de emprego e á Xefatura Territorial correspondente.

Todas as fases do proceso se darán a coñecer no taboleiro de anuncios do Concello de Boiro e na web www.boiro.gal.

Rematado o procedemento de selección, a entidade promotora remitirá á oficina de emprego e á xefatura territorial correspondente, a documentación xustificativa do procedemento e a relación das persoas seleccionadas como alumnos/as-traballadores/as.

Asemade, os obradoiros de emprego concedidos serán obxecto de difusión a través do Portal de Emprego de Galicia (emprego.xunta.gal).

4º.- REQUISITOS DAS PERSOAS ASPIRANTES:

Para tomar parte neste proceso selectivo toda persoa aspirante deberán reunir os seguintes requisitos:

a) Programa de Garantía Xuvenil: Deberán ser persoas mozas de dezaioito ou máis anos que non superen a idade máxima que estableza a normativa vixente no Sistema nacional de garantía xuvenil no momento da selección do alumnado, inscritas e en situación de beneficiarias no ficheiro do Sistema nacional de garantía xuvenil no ámbito da Comunidade Autónoma de Galicia, de conformidade co disposto no artigo 90.1.a) da Lei 18/2014, do 15 de outubro, de aprobación de medidas urxentes para o crecemento, a competitividade e a eficiencia. Ademais, deberán manter o cumprimento dos requisitos exixidos na Lei 18/2014, con carácter previo a participar nos programas de emprego.

É imprescindible cumprir os requisitos establecidos na normativa reguladora do contrato para a formación en alternancia co obxecto de estar vinculada mediante un contrato de tales características ao proxecto durante toda a duración deste, de acordo co previsto no artigo 11.2 e na disposición adicional segunda do Real decreto lexislativo 2/2015, do 23 de outubro, polo que se aproba o texto refundido da Lei do Estatuto dos traballadores, modificado polo Real decreto lei 32/2021, do 28 de decembro, de medidas urxentes para a reforma laboral, a garantía da estabilidade no emprego e a transformación do mercado de traballo.

b) Nacionalidade: Ter a nacionalidade española. Tamén poderán participar as persoas que posúan a nacionalidade doutros estados membros da Unión Europea; as persoas, calquera que sexa a súa nacionalidade, que sexan cónxuxes de persoas que posúan a nacionalidade española ou doutros estados membros da Unión Europea, sempre que non estean separadas de dereito; as persoas, calquera que sexa a súa nacionalidade, descendentes de persoas ca nacionalidade española ou doutros estados membros da Unión Europea, sempre que sexan menores de vinte e un anos ou maiores da devandita idade dependentes; as persoas, calquera que sexa a súa nacionalidade, descendentes do cónxuxe non separado de dereito de persoas que posúan a nacionalidade española ou doutros estados membros da Unión Europea, sempre que sexan menores de vinte e un anos ou maiores da devandita idade dependentes; as persoas incluídas no ámbito de aplicación dos tratados internacionais subscritos pala Unión Europea e ratificados por España nos cales sexa aplicable a libre circulación de traballadores; e as demais persoas estranxeiras con residencia legal en España.

c) Capacidade funcional: Non padecer enfermidade ou defecto físico ou psíquico que impida o desempeño das funcións propias do posto de traballo para o que se opta. A estes efectos, establécese a igualdade de condicións das persoas con discapacidade cos demais aspirantes, non podendo fixarse con carácter xeral limitacións físicas ou psíquicas senón nos casos en que sexan incompatibles co normal desempeño do traballo correspondente, adoptándose polo órgano de selección medidas e medios para a realización das probas, de forma que gocen de igualdade de oportunidades cos demais participantes. A condición de discapacidade e a súa compatibilidade acreditarase con certificación expedida polo organismo competente.



d) **Habilitación:** Non ter sido despedido mediante expediente disciplinario de ningunha Administración pública ou dos órganos constitucionais ou estatutarios das comunidades autónomas, nin atoparse na situación de inhabilitación absoluta ou especial para ao desempeño de empregos ou cargos públicos por resolución xudicial, cando se trate de acceder á mesma categoría profesional á cal se pertencía. No caso de ser nacional doutro Estado, non acharse inhabilitado ou en situación equivalente nin haber sido sometido a sanción disciplinaria ou equivalente que impida, no seu Estado, nos mesmos termos o acceso ao emprego público. No caso de ser nacional doutro Estado, non acharse inhabilitado ou en situación equivalente nin haber sido sometido a sanción disciplinaria ou equivalente que impida, no seu Estado, nos mesmos termos o acceso ao emprego público.

e) **Compatibilidade:** Non incorrer en causa de incompatibilidade ou de incapacidade, conforme á normativa vixente.

e) **Acceso:** En todo caso, serán excluídas as persoas desempregadas que non reúnan os requisitos esixibles para poder asinar un contrato para a formación en alternancia, así coma as persoas candidatas que recibisen formación no mesmo certificado profesional, con independencia de que rematase o programa ou obradoiro de emprego anterior con resultado de apto ou non apto.

Estes requisitos deberán cumprirse tanto no momento da selección como no da formalización do contrato de traballo.

5º.- TAXAS DO PROCESO SELECTIVO:

De conformidade co disposto no artigo 4, da Ordenanza Fiscal reguladora da taxa por dereitos de exame (BOP da Coruña nº 166 de data de 01/09/2022), as persoas aspirantes **deberán ingresar a cantidade de 13 euros**.

Terán unha bonificación do 100% da cota aquelas persoas que acrediten estar desempregadas (en situación legal de desemprego) por un período superior a 1 mes a contar dende o último día de presentación de instancias.

Terán unha bonificación do 100% da cota tributaria os titulares de familias numerosas de carácter especial, e dun 50% do cota os titulares de familia numerosa de categoría xeral. Para poder acreditar dita circunstancia coa presentación da instancia débese acompañar copia do título de familia numerosa vixente.

A devindicación da taxa producirase no momento da presentación da solicitude de inscrición nas probas selectivas.

Dita solicitude de inscrición non será tramitada ata que non faga efectivo o importe da taxa.

A falta de pago da Taxa no prazo de admisión das solicitudes, determinará a inadmisión do aspirante ás probas selectivas.

Á solicitude de inscrición haberá de acompañarse, en todo caso, xustificante de ter ingresado o importe da taxa por dereito de exame.

Cando por causas non imputables ao suxeito pasivo, a actividade técnica e/ou administrativa que constitúe o feito impoñible da taxa non se realice, procederá a devolución do importe correspondente. Polo tanto, non procederá devolución algunha dos dereitos de exame nos supostos de exclusión das probas selectivas por causas imputables ao interesado.

O sistema será a AUTOLIQUIDACIÓN, que deberá presentarse xunto co xustificante de ingreso, coa solicitude de participación no proceso selectivo de que se trate.

A autoliquidación realizarase a través do PORTAL TRIBUTARIO do Concello de Boiro, e será abonada nas oficinas das entidades colaboradoras coa recadación do concello, nas oficinas do concello mediante pago con tarxeta, ou a través da pasarela de pagos que se pon a disposición na páxina web do Concello de Boiro.

En ningún caso a presentación e pago da taxa por dereito de exame suporá a substitución do trámite de presentación da instancia.

6º.- PROCEDIMIENTO DE SELECCIÓN:

Sistema de selección: Oferta tipo T (taller de Emprego).



Localidade: Ámbito concellos: Boiro, Pobra do Caramiñal e Rianxo.

Idade: 18 ou máis anos.

Situación Laboral: Persoas desempregadas, entendéndose nesta situación persoas demandantes de emprego inscritas no Servizo Público de Emprego de Galicia en situación de beneficiarias no ficheiro do Sistema nacional de garantía xuvenil no ámbito da Comunidade Autónoma de Galicia, sempre que poidan subscribir contrato de formación e aprendizaxe durante todo o programa de emprego.

Criterios preferentes de selección: O tribunal de selección deberá aplicar os criterios preferentes de selección que figuran no capítulo III da Orde do 7 de febreiro de 2024, (DOG núm. 39, do 7 de febreiro), segundo baremo que se xunta.

Tendo en conta que a formación a impartir no proxecto vai dirixida á obtención de certificados de profesionalidade de nivel de cualificación 1, non se exixen requisitos académicos nin profesionais, inda que se deben posuír as habilidades de comunicación lingüística suficientes que permitan o aprendizaxe.

O número máximo de persoas candidatas a preseleccionar será determinado polo tribunal de selección, e o mínimo será, se é posible, de 45 (3 *por praza*). A sondaxe realizarase entre as persoas demandantes con algunha das claves seguintes:

320: Escola taller programas

330: Casa de Oficio

340: Taller de emprego

370: Outros programas de emprego formación dual

O Concello de Boiro tramitará a correspondente oferta na oficina de emprego de Boiro, para proceder á selección definitiva das persoas candidatas polo tribunal de selección.

A selección definitiva dos/as 15 alumnos/as será efectuada polo tribunal de selección que aplicará o baremo establecido nas presentes bases de acordo co establecido na Orde do 7 de febreiro de 2024, (DOG núm. 39, do 7 de febreiro), por medio do que serán avaliados as circunstancias persoais e profesionais das persoas candidatas remitidas pola oficina de emprego (só se vai a ter en conta a documentación que se presente nese momento, non se valorará a documentación que se poida achegar máis tarde) e unha proba oral, que será previa á aplicación dos criterios obxectivos, co obxectivo de avaliar o seu interese en participar no proxecto e as súas aptitudes e capacidades, tanto as de carácter xeral coma as relativas á súa adecuación ás singularidades do proxecto formativo.

Convocatoria das probas: Unha vez se teña a listaxe das persoas candidatas remitidas pola Oficina de Emprego, o tribunal de selección encargarse de comunicarlles ás persoas candidatas o prazo para presentar a documentación e o calendario das probas de selección.

As persoas que non presenten a documentación en prazo ou que non acudan ás convocatorias das distintas fases do proceso quedarán excluídas.

A relación provisional das puntuacións outorgadas serán expostas nos taboleiros de anuncios e na páxina web do concello de Boiro www.boiro.org debendo figurar o prazo para presentar reclamacións. Debido á premura de tempo para o comezo do Obradoiro, este prazo de reclamacións será de dous (2) días hábiles como máximo.

7º.- PRESENTACIÓN DE INSTANCIAS:

As persoas que desexen tomar parte nesta selección deberán presentar as súas instancias dirixidas ó señor Alcalde-Presidente, en modelo que se engade como ANEXO, na sede electrónica do Concello de Boiro <https://boiro.sedelectronica.gal> ou no Rexistro Xeral do Concello de Boiro en horario de atención ó público (de luns a venres de 9:00 h. A 13:30 h.) durante o prazo de CINCO DÍAS HÁBILES a contar dende o día seguinte ó da



reunión mantida cos aspirantes remitidos polo Servizo Público de Emprego. No caso de ser presentadas por correo postal, e a efectos de poder realiza-lo seu seguimento, as persoas solicitantes deberán remitir unha copia da instancia xa rexistrada mediante correo electrónico dirixido a persoal@boiro.org.

Xunto coa solicitude para tomar parte neste proceso selectivo as persoas aspirantes deberán achega-la seguinte documentación complementaria necesaria para a tramitación do procedemento:

- DNI.
- Informe de vida laboral.
- Xustificante de ter unha discapacidade igual ou superior ao 33%, de ser o caso.
- Xustificante de ser perceptor ou non dunha prestación (desemprego, subsidio, RAI, PREPARA, ACTIVA).
- Informe dos servizos sociais do concello respectivo de pertencer a colectivos en risco de exclusión social.
- Responsabilidades familiares (libro de familia e certificado de convivencia).
- Xustificante de participación en IPI, de ser o caso.

Coa presentación da instancia para tomar parte no proceso selectivo entenderase que as persoas interesadas aceptan e acatan todas e cada unha das bases desta convocatoria.

As persoas que non presenten a documentación en prazo decaeran no seu dereito a seguir participando no proceso de selección.

8º.- CONTIDO, DESENVOLVEMENTO E CUALIFICACIÓN DAS PROBAS SELECTIVAS:

8.1.- PROBA ORAL: (Puntuación máxima: 5 puntos, que representa o 33% da puntuación).

Consistirá na formulación dunha serie de preguntas, aprobadas previamente polo órgano de selección, co obxectivo de avaliar o interese das persoas desempregadas en participar no proxecto, as súas aptitudes, actitudes e capacidades, tanto as de carácter xeral como as relativas á súa adecuación ás singularidades do proxecto formativo e a adaptabilidade á oferta dos postos que se van a desenvolver. A proba cualificarase de 0 a 5 puntos.

En primeiro lugar realizarase unha proba oral na que se valorará o seu interese en participar no proxecto e as súas aptitudes e capacidades, tanto as de carácter xeral coma as relativas á súa adecuación as singularidades do proxecto formativo. Puntuarase ata un máximo de 5 puntos.

8.2.- BAREMO DE SELECCIÓN: (Puntuación máxima: 10 puntos, que representa o 67% da puntuación).

Logo da realización da proba oral e da súa puntuación procederase ó baremo segundo se especifica a continuación:

1.- IDADE

- Maior de 18 anos e menor de 20: 0,50 puntos
- Entre os 20 anos e menor de 25: 1,00 puntos
- Entre os 25 anos e menor de 30: 1,50 puntos



2.- DISCAPACIDADE COMPATIBLE CO POSTO

- Minusvalía > 33 % 1 pto.

3.- NON TER PARTICIPADO EN PROGRAMAS DE EMPREGO/OBRADOIROS DE EMPREGO: 2,5 puntos.

(Acreditarase co informe de vida laboral actualizado ou no caso de non estar nunca de alta no Sistema da Seguridade Social, co documento que o acredite. Terán que ser expedidos con data posterior á resolución destas bases) .

4.- EXPERIENCIA PROFESIONAL PREVIA:

- Ningunha: 1 punto

- Ata 12 meses: 0,50 puntos

5.- FORMACIÓN ACADÉMICA

- Sen estudos e ata a ESO..... 3 ptos.

- Bacharelato ou FP ciclo medio..... 1 ptos.

6.- INFORME DE ITINERARIOS E SERVICIOS RESUMIDO EXPEDIDO POR OFICINA DE EMPREGO. Ter incluído algúns dos servizos nun IPI con anterioridade a 29/07/2024: (1 punto)

320: Escola Taller programas

330: Casa de Oficio

340: Taller de emprego

370: Outros programas de emprego e formación dual.

- As persoas aspirantes concorrerán provistas do seu DNI ou documento fidedigno acreditativo da súa identidade, a xuízo do tribunal, e tamén dos medios materiais adecuados que sexan necesarios para a práctica daqueles. Serán convocados en chamamento único, quedando excluídos do proceso selectivo os que non comparezan, agás nos casos de forza maior debidamente xustificados e apreciados libremente polo tribunal.

- Os anuncios relativos ó proceso selectivo, exporanse no taboleiro de anuncios da Casa Consistorial e na web municipal www.boiro.org.

9º.- TRIBUNAL DE SELECCIÓN:

Estará formado por un Presidente e un secretario e por tres vogais designados por medio de Resolución de Alcaldía. Todos os membros do tribunal deberán posuír nivel de titulación igual ou superior á esixida para o acceso ás prazas convocadas.

Este tribunal non poderá constituírse nin actuar sen a asistencia de máis da metade dos seus membros, titulares ou suplentes indistintamente, sendo sempre necesaria a presenza do Presidente e do Secretario.

Este tribunal, por medio do seu Presidente, poderá dispoñer-la incorporación ó mesmo de Técnicos cualificados para colaborar nas tarefas de puntuación, baixo a dirección do tribunal, actuando con voz pero sen voto.

10º.- PROPOSTA DE CONTRATACIÓNS:



Unha vez rematado o proceso, o tribunal de selección establecerá as puntuacións finais das persoas candidatas participantes no proceso selectivo que virán dadas pola suma dos puntos acadados nas diferentes fases do procedemento realizado. Determinarán a orde de prelación, constituíndo a proposta para a súa posterior contratación como alumno/a-traballador/a polo Concello de Boiro. Elaborarase unha listaxe de reserva segundo a orde de puntuación acadada e, de producirse baixas ou renuncias, recorrerase a ela.

Os criterios para dirimir os posibles empates entre as puntuacións obtidas por dúas ou máis persoas candidatas en cada unha das fases do proceso selectivo así como nas puntuacións finais, son por orden de prelación:

- a) Maior tempo acreditado como desempleado (derradeira inscrición na oficina de emprego).
- b) A menor cualificación profesional.
- c) Non ter participado nunca nun Programa de Emprego/ Obradoiro de Emprego.

O tribunal de selección redactará as correspondentes actas e as remitirá á xefatura territorial, acompañada da relación do alumnado admitido e excluído indicando, neste último caso, a causa da súa exclusión.

11º.- NORMAS FINAIS:

Primeira: O tribunal queda facultado para resolver tódalas cuestións que puideran suscitarse durante o desenvolvemento das probas ou na cualificación e resolverá das mesmas, podendo adoptar cantas medidas estimen oportunas para a debida orde de selección, así coma os acordos precisos para a resolución de cantos litixios se susciten e cando a súa resolución non este prevista nestas bases.

Segunda: Debido á premura deste proceso selectivo, toda presentación de instancias, alegacións e demais escritos realizados vía correo, deberán comunicarse vía correo electrónico á dirección persoal@boiro.org co fin de realizar o perceptivo seguimento.

Terceira: Para todo o non previsto nestas Bases, ou naquilo que as contradigan, será de aplicación supletoria o establecido no Real Decreto Lexislativo 5/2015, do 30 de outubro, polo que se aproba o texto refundido da Lei do Estatuto Básico do Empregado Público, na Lei Reguladora das Bases de Réxime Local, na Lei de Administración Local de Galicia, na Lei 2/2015, do 29 de abril, do Emprego Público de Galicia, no Real Decreto Lexislativo 2/2015, do 23 de outubro, polo que se aproba o texto refundido da Lei do Estatuto dos Traballadores, e demais lexislación vixente de aplicación.

Cuarta: Tódolos actos e comunicacións que se deriven da celebración deste proceso faranse públicos, a través da páxina web do Concello de Boiro www.boiro.gal e no Taboleiro de Anuncios da Casa do Concello.

Quinta: Tódolos actos administrativos derivados desta convocatoria, así como da actuación do Tribunal, poderán ser impugnados polos interesados nos casos e na forma establecidos pola Lei de Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas e normas vixentes concordantes.

A presentación de reclamacións non suspenderá a prosecución do proceso selectivo, salvo que así o decida o órgano convocante do mesmo.

Sexta: Contra as presentes Bases e a resolución que as aproba, que pon fin á vía administrativa, poderase interpoñer RECURSO CONTENCIOSO-ADMINISTRATIVO ante o Xulgado Contencioso Administrativo de Santiago de Compostela, no prazo de dous meses (contado dende o día seguinte ó da publicación da convocatoria).

Con carácter potestativo e previo, poderá interpoñer RECURSO DE REPOSICIÓN ante o mesmo órgano que adoptou o acordo de aprobación, no prazo dun mes (contado dende o día seguinte ó da publicación da convocatoria). Neste caso non se poderá interpoñer-lo recurso contencioso administrativo ata que se resolva expresamente ou se produza a desestimación presunta do recurso de reposición interposto. Neste último suposto, o



prazo para a interposición do recurso contencioso-administrativo será de seis meses contado dende o día seguinte a aquel no que se produza a desestimación presunta do recurso de reposición interposto.

ANEXO

PROCEDEMENTO	CÓDIGO DO PROCEDEMENTO	DOCUMENTO
INSCRIPCIÓN PROCESO SELECTIVO ALUMNADO-TRABALLADOR DO PROGRAMA DE EMPREGO "XUVENTUDE I"	4243/2024	SOLICITUDE
SOLICITANTE		
DNI	NOME E APELIDOS	
DATA NACEMENTO	LOCALIDADE NACEMENTO	PROVINCIA

ENDEREZO A EFECTOS DE NOTIFICACIÓN		
TELÉFONO	RÚA/ N°	
MUNICIPIO	PROVINCIA	CORREO ELECTRÓNICO

A PERSOA SOLICITANTE DECLARA QUE: <input type="checkbox"/> Compre os requisitos sinalados na base 4ª das que rexen este proceso selectivo para contratación do alumnado/traballador do programa de emprego "XUVENTUDE I"
--

SOLICITA
Participar nas probas selectivas ás que se refire a presente solicitude e, asemade, se achega a seguinte documentación: <input type="checkbox"/> DNI. <input type="checkbox"/> Xustificante pago da taxa de dereitos de exame/ documentación xustificativa para súa bonificación <input type="checkbox"/> Informe de vida laboral. <input type="checkbox"/> Xustificante de ter unha discapacidade igual ou superior ao 33%, de ser o caso e certificación expedida polo organismo competente relativa á compatibilidade co posto. <input type="checkbox"/> Titulación académica. <input type="checkbox"/> Xustificante de participación en IPI, de ser o caso.

Boiro, ____ de ____ de 20__”

DOCUMENTO ASINADO DIXITALMENTE Ó MARXE.

ÁNGELA MARIA VIQUEIRA ALLO. SECRETARIA XERAL

